

OBJECTIVO:

Crear un grupo de alumnado colaborador na Biblioteca Escolar, que poida ver recoñecida a súa labor, ben cun diploma (menores), ben cun certificado de horas de voluntariado (os maiores de idade)

CALENDARIO:

De Decembro ao 30 de maio- O alumnado terá que facer como mínimo 15 horas neste período. Os traballos faranse na maioría dos casos durante os recreos (1 ou 2 por semana máximo)

ACTIVIDADES A REALIZAR (Sempre en colaboración e coordinación co equipo da Biblioteca)

En relación co bo funcionamento da Biblioteca:

- Colaborar cos usuarios/as para a busca dos libros nos andeis ou para calquera outra dúbida que teñan en relación coa biblioteca
- Revisar que os libros estean colocados na súa orde nos estantes
- Colocar os libros devoltos nos estantes
- Colaborar co profesorado da Biblioteca en manter a orde
- Vixiar que non se coma ou beba na Biblioteca durante os recreos
- Procurar que os usuarios/as deixen a Biblioteca en orde e limpa cando marchen

En relación coa xestión de préstamos:

- Realizar préstamos e devolucións no Meiga
- Colaborar co equipo da Biblioteca na reclamación de libros devoltos fora de prazo

- Etiquetar os libros novos
- Reparar os libros que estean danados

En relación coa dinamización e animación á lectura

- Colaborar co equipo na preparación de actividades lúdicas ou de dinamización
- Elaboración de carteis ou materiais para as actividades propostas
- Colaboración na difusión dos materiais elaborados pola biblioteca
- Recollida de propostas dos compañeiros/as sobre adquisicións de documentos (libros, pelis, música...) para a Biblioteca

E calquera outra á que vos prestedes axudar e vaia xurdindo ao longo do curso!!

IDENTIFICACIÓN E COMPROMISOS POLOS VOLUNTARIOS/AS:

- Asinar o compromiso de colaboración
- O alumnado voluntario comprométese a acudir á Biblioteca nos días acordados co equipo.
- Para a realización das súas funcións levará unha acreditación que o identifique (peto ou tarxeta identificadora)
- Deberá facer o seu traballo de forma responsable e de acordo coas normas
- O profesor da Biblioteca poñerá cada un dos días, un selo que acredite a súa asistencia

COMPROMISOS DO EQUIPO DA BIBLIOTECA

- Formar e asesorar ao voluntariado para que poida realizar as súas tarefas
- Supervisar o seu traballo
- Colaborar sempre co traballo do alumnado voluntario.
- Certificar a súa asistencia

IMPORTANTE!!

Debedes mandar un correo a conta da Biblioteca, para que sempre esteades informados das actividades ou propostas

biblioteca@fernandowirtz.com

asunto: Voluntario
Nome, apelidos e curso